

EDA, PERLA E COPITO NA MIÑA GRAN ALDEA

Ola, chámome Rubén, teño catorce anos e dende que nacín son galegofalante, xa que na miña casa e na casa dos avós, todos falan na nosa lingua , o galego.

Crieime nunha aldea pretiño de Lugo, moi fermosa, tranquila, con xente marabillosa e cun nome especial “Soñar”, o pobo dos meus avós.

Alí está alguén moi especial para min, alguén que dá agarimo e compañía sen esperar nada a cambio.

É pequeniña, branquiña e moi feitiña. Ten tres anos e medio e foi o mellor agasallo que tiven nunca.

Estou a falarvos de EDA.

É moi larpeira, gústalle sobre todo os ósos de chuche e o paté de salmón.

É todo enerxía, corre, brinca, xoga á pelota... Non é a primeira vez que se esnafra contra o chan...

É moi agarimosa e a min gústame collela no colo, darlle aloumiños e apertas.

¡É lista coma un allo! Cando escoita o ruxe ruxe das chaves da casa, xa sabe que imos dar o paseo e vai correndo a pola correa para que lla poña.

Cando a levamos ao veterinario, non para de tremer, sobre todo cando hai que poñer vacinas.



A noiteña vaise para a súa cama e ata a mañá seguinte, durme toda a noite.

Con EDA convive outra cadelíña, chámase PERLA, é negra, grandota, un cruce de Pastor Alemá con Pastor Belga, ten trece anos, xa está maior e non é tan aloucada como EDA.

É moi boa, tranquila e agarimosa, sobre todo comigo, xa que levamos xuntos case toda a vida.

As dúas conviven con COPITO, unha gatiña de cor branca e manchas amarelas, que é moi curiosa e argalleira, sube os polincos máis altos, as árbores, os balados...

Gústame moito a miña aldea e os animais.

Cando teño un día malo ou estou baixo de ánimo, estar con elas dame un subidón de enerxía, é como recargar pilas, esquézome de todo.

Non entendo como pode haber persoas que fagan dano aos animais, porque eles son nobres, fieis e grandes amigos, por iso creo que todo aquel que é cruel cos animais non pode ser boa persoa.

En resumo, eu non concibo a miña vida sen animais e sen a miña aldea.

E cando me dá por soñar esperto, desexo que todo o mundo sexa feliz coma min cando estou cos meus animais.

